

Nos seguintes enunciados, sinala o valor que presenta o "SE" en cada caso

- A. Eu vin erguerse _____ alí facendas e cidades cheas de ouro e de prata.
- B. Mira se _____ podeades vir hoxe co informe concluído.
- C. Sorprendeuse _____ que Xulia non se _____ queixase por todo o que lle tiña feito.
- D. Se _____ te queres ir xa sabes onde está a porta.
- E. Imaxinaba miles de persoas intercambiándose _____ miradas e sentiuse _____ unha turista máis.
- F. Apalpouse _____ a perna por ver se _____ tiña algunha ferida traidora.
- G. Nada máis erguerse _____ da cama, non facía máis que mirarse _____ no espello e peitearse _____.
- H. Sigamos adiante como se _____ nada

Sinala o valor que presentan os "que" nas seguintes oracións. Alén diso, marca naqueles casos nos que o "que" forme parte dunha locución.

- A. Xa sei que _____ non debería dicircho, que _____ hai cousas que _____ deben evitarse para que _____ sigamos adiante como se nada
- B. O día que _____ fomos ao cine que _____ está na rúa que _____ vives, había tanto vento que _____ nos rompeu o paraugas.
- C. De que _____ cor queres o caderno? – Dáme igual con tal de que _____ sexa forte.
- D. Non sei que _____ hora é, pero supoño que _____ en 15 minutos chegará o tren que _____ temos que _____ coller.
- E. Que _____ pinta traes! Non che dixo ninguén que _____ levas o xersei do revés?
- F. Non sabiamos por que _____ nolo repetía cada vez que _____ faciamos algunha trasnada.
- G. Que _____ agora intentes arranxalo non che vai servir de nada. O que _____ fixeches xa está feito, e o que _____ teña que _____ ser, será.